



ACTA Nº 2021/11

*Sesión ordinaria do pleno do Concello
Sala de sesións da casa do concello, venres 24 de setembro de 2021*

No día indicado, ás 09:07 horas, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D^a. Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSdeG-PSOE

D.Víctor Manuel Muíño Ramos (telemáticamente)

D.Miguel Ángel Pérez Méndez

D^a.María José Pose Pérez

D^a.Rosa Blanco Lema

D. Mario Andújar Mouzo

PP

D^a. Raquel Rodríguez Amigo

D.Francisco M.Calzas Suárez

Adiante Vimianzo

D^a.Marta Rey Lema

D.Francisco Javier Trillo Pazos

D. Eugenio Vidal Quintáns

D^a María Jesus Barbeira Pose

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO:

D. Francisco Javier Novoa Juárez

INTERVENTOR:

D. Francisco Fernández Armada

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédense a tratar os asuntos incluídos na:

A Alcaldesa-Presidenta procede a presentar ó novo interventor interino e continúa a sesión plenaria.

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva



1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de agosto de 2021.

B) Sección de control

2º Dación de conta da modificación dos membros representantes do grupo municipal Adiante Vimianzo en comisións informativas.

3º. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

3.1º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/08/2021 sobre clasificación e requirimento de documentación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación do alumeadado exterior do concello de Vimianzo. Exp. 2021/C005/000001.

3.2º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre adjudicación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación de alumeadado exterior do concello de Vimianzo. Exp.2021/C005/000001.

3.3º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre a clasificación e requirimento de documentación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo. Exp.2021/C004/000002.

4 º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

5 º. Mocións de urxencia.

6 º. Rogos e preguntas.

Comézase o debate e votación da orde do día

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de agosto de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra.Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, queda aprobada por unanimidade dos/as presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2021.

B) Sección de control



2º Dación de conta da modificación dos membros representantes do grupo municipal Adiante Vimianzo en comisións informativas.

Dáse conta do escrito con RE 202199900001092, de data 14/09/2021, presentado por D^a Marta Rey Lema, do grupo municipal Adiante Vimianzo, xunto co que achega escrito no que se indican os novos membros representantes do grupo municipal Adiante Vimianzo nas comisións informativas que se sinalan e se solicita que se proceda a modificación das mesmas, do seguinte xeito:

- Comisión Especial de Contas, Facenda e Orzamentos:

- Marta Rey Lema e Manuel Lorenzo Hermida (titulares)
- Francisco Javier Trillo Pazos e M.^a Jesús Barbeira Pose (suplentes)

- Comisión Informativa de Obras e Urbanismo:

- Francisco Javier Trillo Pazos e Manuel Lorenzo Hermida (titulares)
- M.^a Jesús Barbeira Pose e Eugenio Vidal Quintáns (suplentes)

- Comisión Informativa de Benestar:

- M.^a Jesús Barbeira Pose e Eugenio Vidal Quintáns (titulares)
- Manuel Lorenzo Hermida e Marta Rey Lema (suplentes)

- Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

- Francisco Javier Trillo Pazos e Eugenio Vidal Quintáns (titulares)
- Manuel Lorenzo Hermida e M.^a Jesús Barbeira Pose (suplentes)

Os membros presentes do Pleno do Concello dánse por enterados.

3º. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

3.1º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/08/2021 sobre clasificación e requirimento de documentación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación do alumeado exterior do concello de Vimianzo. Exp. 2021/C005/000001.

O secretario xeral da Corporación da conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/08/2021 sobre clasificación e requirimento de documentación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación do alumeado exterior do concello de Vimianzo.

Os membros presentes do Pleno do Concello dánse por enterados.

3.2º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre adjudicación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación de alumeado exterior do concello de Vimianzo. Exp.2021/C005/000001.



O secretario xeral da Corporación dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre adxudicación da contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de renovación de alumeado exterior do concello de Vimianzo, a favor da empresa Electricidad Cruceiro,S.L. (CIF B15457575).

Os membros presentes do Pleno do Concello dánse por enterados.

3.3º. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre a clasificación e requirimento de documentación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo.Exp.2021/C004/000002.

O secretario xeral da Corporación dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2021 sobre a clasificación e requirimento de documentación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo.

Os membros presentes do Pleno do Concello dánse por enterados.

4 º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O secretario xeral da Corporación dá conta dos números das Resolucións da Alcaldía adoptados dende o día 24/08/2021, co número 814/2021 ata o día 21/09/2021, co número 913/2021.

Os membros do Pleno do Concello, dánse por enterados.

5 º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

6 º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey pregunta polas queixas e a situación das obras da Pirolla-Baio xa que en setembro non se retomaron, se ben é consciente de que non estamos ante obras municipais, roga se fale coa Xunta de Galicia para continualas.

Asímesmo traslada que non se remitiron as últimas actas de XGL celebradas desde a do cinco de xullo do presente ano.

Roga que se volva ó horario anterior dos Plenos con independencia de que estes sexan presenciais ou telemáticos.

Dna. Raquel Rodríguez roga se arranxen as aceras tras do Muíño e se volva ó horario anterior de celebración de sesións plenarias.



A Alcaldesa-Presidenta contesta que a persoa encargada da loxística de remisión de actas está de baixa e por iso non se remitiu pero que gracias a pregunta se remitira de xeito inmediato.

En relación coa Ponte de Baio temos liña directa co director da obra e que se complicaron e agora están cos prefabricados polo que non hai presenza de actuacións. Ademáis traslada que esa tarde terá reunión con el.

En relación ó horario dos plenos, di que terá que comentalo con Secretaría e Intervención para darlle forma e tentar volver ó horario das 8 da noite.

Por último, comunica que está a traballar nas aceras de tras do Muiño xa que atoparon o mesmo problema nesa e outras obras similares rematando agradecendo os rogos constructivos.

Convida a un foro na Casa da Cultura pola Traslatio do Camiño de Santiago.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:26 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, a 24 de setembro de 2021.

O que asino en Vimianzo, co visto e praxe da Sra.Alcaldesa-Presidenta.

Visto e praxe,
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

O secretario xeral,
Francisco Javier Novoa Juíz